

BBVA-CONTIGO: unha aposta segura?

Está claro que para poder desenvolver cada unha das tarefas asignadas, ás persoas que traballan nos 'CONTIGO' éelles imprescindible o uso do computador. Traballar como **usuarios/as de Pantallas de Visualización de Datos (PVD)** pode ocasionar problemas para a nosa saúde, provocando **trastornos visuais, músculo- esqueléticos ou situacións de tensións**.

Podemos evitar ou reducir estes efectos nocivos para a saúde?

Sí. Aplicando unha boa xestión preventiva, na que a empresa analice os postos de traballo con PVD, avalíe con especial atención os posibles riscos para a vista, os problemas físicos e de cansazo mental, adoptando as medidas oportunas e paliando estes riscos.



Para que todo isto se faga efectivo, dende **CCOO** reclamamos no Comité de Seguridade e Saúde a **consideración de USUARIO de PVD** a todas as persoas integradas nos 'CONTIGO'. Un primeiro paso para poder esixir o cumprimento das disposicións mínimas en seguridade e saúde recollidas no RD 488/1997, relativas a esta modalidade de traballo. Para que poidas comprobar por qué hai argumentos para considerar USUARIO/A ás persoas que traballan nos 'Contigo', facilitámosche cuestionario oficial do INSHT [nesta ligazón](#) onde se recollen as circunstancias necesarias para o seu recoñecemento. Verás que é incuestionable.

e...lembra que:



Os **Auriculares-diadema** son un elemento compatible cos dispositivos móbiles implantados nas oficinas co proxecto TodoMóvil, que favorece unha adecuada hixiene postural.

Suxeitar o teléfono á vez que se teclea no computador provoca uns movementos forzados e inadecuados que derivan en dor e lesións cervicais.

Como se solicitan? Dirixe un correo electrónico ao TM (técnico de medios) da túa zona, especificando os teus datos de forma clara (NON hai que xustificar ningunha patoloxía, nin acompañar informe)

A ruta para pedir unha **almofadiña repousapulsos** homologada é:

Ferramentas / aprovisionamento por catálogo / soicidade de material / código 210003989.



Se dispós dun **elemento ergonómico específico**, ben sexa por patoloxía ou por condicións persoais (cadeira, mesa adaptada, etc.) cando te trasladen de centro de traballo deberás comunicar ao TM a nova oficina de destino, para que coordine o traslado do mencionado elemento.

Abril 2018

CCOO o teu sindicato útil e eficaz.

CCOO servicios bbva

Tel. 981 95 32 21 - 93 401 44 53 - bbvaccOO@servicios.ccoo.es
www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tablón sindical en espacio - www.ccoo-servicios.info
<https://www.facebook.com/ccoobbva> - <https://twitter.com/ccoobbva>
adherida a la **unión network international**